



Veciñanza insta ao Alcalde de Cuntis a aceptar que os datos demográficos da nosa vila son peores que a media, a asumir a responsabilidade do seu partido e presentar os orzamentos de 2020

O alcalde de Cuntis alude na súa resposta a Veciñanza a que a responsabilidade do despoboamento é da Xunta de Galicia, pero non explica por que Cuntis duplica a perda de poboación da comarca e cuadriplica a da provincia. Por segundo ano consecutivo, Cuntis comeza o ano sen orzamentos malia dispor o Grupo de Goberno de máis efectivos ca nunca, pero incapaz de presentar as contas en tempo e forma como correspondería para que estivesen en vigor a 1 de xaneiro.

Cuntis, 7 de xaneiro de 2019. A pasada fin de semana o Alcalde de Cuntis, o Sr. Campos, criticaba [a nosa valoración das dramáticas cifras de perda de poboación](#) do noso municipio durante a última década. Aludía a unha “*crítica sen análise dos datos*”, cando é precisamente isto o noso punto de partida para lamentar a tendencia demográfica que fixo que Cuntis arroxara uns datos moi por riba de calquera media de referencia.

O que fai o Sr. Campos Velay cando recita as medidas adoptadas polo seu goberno non é máis que confirmar o fracaso das mesmas. Se tantas medidas se tomaron e os resultados son os que publica o INE é doado concluír que a súa efectividade non só foi nula, senón que xerou unhas consecuencias moito peores quen en calquera outro municipio.

Coincidimos en que as políticas da Xunta de Galicia xeran unhas condicións que están detrás do despoboamento do rural, pero é evidente que estas políticas afectan a todos os municipios (comparables ao noso) por igual. O que non explica o Alcalde de Cuntis é o motivo polo cal a nosa vila perde poboación en moito maior proporción que o resto da comarca, que o resto da provincia e que o resto do País. Quizais sexa el quen debe “*analizar os datos polo miúdo*”, máis alá de responder con xeneralidades, e reflexionar sobre as causas que provocan que Cuntis perdera na última década un 8’56% (438 habitantes), duplicando a porcentaxe media do resto da comarca e cuatuplicando os datos provinciais (espazos territoriais igualmente afectados polas nefastas políticas da Xunta de Galicia). Cómpre incidir en que a tendencia non é a mesma en Cuntis que no resto de concellos, senón que é **notablemente peor**, e omitir isto e non asumir a realidade non é bo camiño para buscar solucións.





veciñanza

Ante as dúbidas e a confusión que demostra nas súas palabras, cómpre aclarar que o PXOM serve para facilitar a fixación de poboación (aínda que non sexa o único instrumento) e para xerar un desenvolvemento ordenado nunha vila, coma Cuntis, na que leva sendo unha necesidade dende fai máis de dúas décadas. Ademais, [os gobernos de PSOE e PP na nosa vila teñen o engadido de que malgastaron inutilmente máis de 100.000 euros no contrato de redacción deste documento, que recentemente vén de ser liquidado.](#) Non sabemos se durante a última década tamén dubidaban da utilidade deste documento.

Sobre a reivindicación das súas medidas en materia de turismo, son os datos os que falan da súa eficacia. É a propia ausencia dun plan de desenvolvemento, dunha folla de ruta e dun rumbo a seguir, igual nesta materia que noutros ámbitos, o que lle resta credibilidade á propaganda municipal.

A aposta por unha escola infantil pública, que parte dunha moción de Veciñanza do pleno do mes de setembro aprobada por unanimidade, debera ser unha prioridade para o Goberno Municipal do PSOE, no canto de adicarlle máis tempo ás nosas valoracións que ao traballo para reverter a situación demográfica.

O Alcalde de Cuntis amósase ultimamente máis preocupado por xustificar a súa imaxe e por contrapoñer escusas á actividade de Veciñanza que por gobernar e implementar proxectos capaces de reverter situacións como os dramáticos datos de despoboamento que presenta Cuntis. O PSOE de Cuntis demostra que as súas limitacións non están relacionadas coa cantidade de concelleiros/as que teña na Corporación, senón na ausencia de proxecto e na incapacidade que demostra. **Por segundo ano consecutivo, Cuntis comeza o ano tendo que prorrogar os orzamentos do exercicio anterior. O Grupo de Goberno non é capaz de presentar en tempo e forma as contas do presente exercicio malia dispoñer de máis efectivos ca nunca. Neste orzamentos o PSOE terá unha oportunidade de demostrar o seu compromiso coa realidade demográfica e procurar fórmulas que vaian na dirección oposta á que ata agora nos situou nunhas alarmantes cifras de perda de poboación.**

